

sidente e conselleiros da Comisión Nacional da Competencia ata a expiración do seu mandato, sen posibilidade doutro nomeamento posterior para o mesmo cargo.

2. Co fin de adaptar a composición do número de membros do Consello da Comisión Nacional da Competencia ao disposto nos artigos 20.b) e 33.1 desta lei, a redución a seis conselleiros irase producindo progresivamente en función da expiración do mandato do presidente e dos vogais do Tribunal de Defensa da Competencia nos termos previstos no punto anterior.

3. A designación dos novos conselleiros terá lugar a partir do momento en que o número de conselleiros sexa inferior a seis.

4. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase á designación do director de Investigación. Mentres non se realice esta, o director xeral de Defensa da Competencia continuará exercendo as súas funcións.

#### Disposición derogatoria.

1. Por esta lei queda derogada a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o Real decreto 1443/2001, do 21 decembro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, no referente ao control de concentracións económicas e os artigos 2 e 3 do capítulo I, os artigos 14 e 15, puntos 1 a 4, do capítulo II e o capítulo III do Real decreto 378/2003, do 28 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, en materia de exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa da competencia seguirán en vigor ata que o Goberno aprobe, se é o caso, novos textos regulamentarios, no que non se opoña ao previsto nesta lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Exceptúanse do anterior os seguintes preceptos:

A disposición adicional primeira, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución.

Os artigos 12, punto 3 e 16; e as disposicións adicionais segunda, sétima e novena, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1. 6.<sup>a</sup> da Constitución.

O artigo 23, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución.

#### Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. O Goberno e o ministro de Economía e Facenda, de acordo co previsto nesta lei e no ámbito das súas respectivas competencias, poderán ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

2. En particular, autorízase o Goberno para que no prazo de seis meses dite as disposicións regulamentarias que desenvolvan esta lei en canto aos procedementos, o tratamento das condutas de menor importancia e o sistema de clemencia ou exención e redución de multa ás empresas que colaboren na loita contra os carteis.

3. Igualmente, autorízase o Goberno para que, logo de informe da Comisión Nacional da Competencia, mediante real decreto, modifique os limiares establecidos no artigo 8 desta lei. En todo caso, a Comisión Nacional da Competencia realizará cada tres anos unha valoración da aplicación dos ditos límites para os efectos de propoñerlle, se é o caso, a súa modificación ao Goberno.

4. No prazo de tres meses tras a constitución do Consello da Comisión Nacional da Competencia, o Consello de Ministros aprobará mediante real decreto, logo de informe da Comisión Nacional da Competencia, o estatuto desta, no cal se establecerán cantas cuestións relativas ao funcionamento e réxime de actuación da Comisión Nacional da Competencia resulten necesarias conforme as previsións desta lei e, en particular, as seguintes:

- a) a estrutura orgánica da Comisión Nacional da Competencia;
- b) a distribución de competencias entre os distintos órganos;
- c) o réxime do seu persoal.

5. Así mesmo, autorízase o Goberno para que mediante real decreto modifique a regulación da estrutura organizativa do Ministerio de Economía e Facenda de acordo coa nova organización institucional recollida nesta lei.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o 1 de setembro de 2007.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os artigos 65 e 66 desta lei entrarán en vigor no mesmo momento que o seu regulamento de desenvolvemento.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**13022** LEI ORGÁNICA 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos. («BOE» 160, do 5-7-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación no Congreso dos Deputados da Lei orgánica 3/1987, sobre financiamento de partidos políticos, constituíu a primeira regulación da fonte de ingresos dunha das institucións básicas sobre as cales se sustenta o noso sistema democrático. Os partidos políticos son asociacións privadas que cumpren unha función pública transcendental no noso sistema democrático ao seren instrumentos de representación política e de formación da vontade popular.

Non obstante, considérase que a regulación que fai a lei actualmente vixente dun aspecto tan importante como é o seu financiamento, factor esencial para garantir a estabilidade do sistema democrático, non garante de maneira axeitada a suficiencia, regularidade e transparencia da súa actividade económica.

Durante o transcurso de vinte anos desde que se aprobou esta lei, a sociedade experimentou moitos cambios políticos e económicos, como a rápida incorporación das novas tecnoloxías, a incorporación do Estado español á Unión Económica e Monetaria e a mesma consolidación do sistema democrático, que no momento da aprobación da actual lei de financiamento só tiña dez anos. Xunto a estes cambios cabe engadir a aparición ante a opinión

pública de posibles irregularidades vinculadas nalgúns casos ao financiamento dos partidos políticos.

Actualmente, hai un amplo sentir entre a sociedade e a opinión pública cidadá que tamén se estende aos partidos políticos sobre a necesidade de abordar unha nova regulación do financiamento dos partidos políticos que os dote de maior transparencia e control.

Nesta nova regulación preténdese que se asuma definitivamente que o exercicio da soberanía popular exige que o control político das institucións elixidas nas urnas corresponde en último extremo ao cidadán, de onde se revela indispensable a necesidade de establecer garantías e máis medios para que o sistema de financiamento non incorpore elementos de distorsión entre a vontade popular e o exercicio do poder político.

A liberdade dos partidos políticos no exercicio das súas atribucións quedaría prexudicada se se permitise como fórmula de financiamento un modelo de liberalización total xa que, de ser así, sempre resultaría cuestionable a influencia que nunha determinada decisión política puidesen exercer as achegas procedentes dunha determinada fonte de financiamento e romper a función dos partidos políticos como institucións que vehiculan a formación da vontade popular.

O financiamento dos partidos políticos ten que corresponder a un sistema mixto que recolla, por unha parte, as achegas da cidadanía e, por outra, os recursos procedentes dos poderes públicos en proporción á súa representatividade como medio de garantía da independencia do sistema, pero tamén da súa suficiencia. As achegas privadas deben proceder de persoas físicas ou xurídicas que non contraten coas administracións públicas, ser públicas e non exceder os límites razoables e realistas.

É necesario, ao mesmo tempo, establecer mecanismos de auditoría e fiscalización dotados de recursos humanos e materiais suficientes para exercer con independencia e eficacia a súa función. De aquí que se faga necesaria a regulación de sancións derivadas das responsabilidades que se puidesen deducir do incumprimento da norma reguladora.

Do que se trata é, polo tanto, de abordar de forma realista o financiamento dos partidos políticos co fin de que tanto o Estado, a través de subvencións públicas, como os particulares, sexan militantes, adheridos ou simpatizantes, contribúan ao seu mantemento como instrumento básico de formación da vontade popular e de representación política, posibilitando os máximos niveis de transparencia e publicidade e regulando mecanismos de control que impidan a desviación das súas funcións.

Finalmente, con esta lei dáse cumprimento ao requirimento explicitamente efectuado pola Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas e ás reiteradas recomendacións dos informes anuais do supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado, que na súa sesión do 30 de outubro de 2001 aprobou a moción relativa á modificación da normativa sobre financiamento e fiscalización dos partidos políticos, para garantir a suficiencia, regularidade e transparencia da actividade económica destas formacións.

## TÍTULO I

### Normas xerais

#### Artigo 1.º *Ámbito de aplicación da lei.*

O financiamento dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores axustarase ao disposto nesta lei orgánica.

Para os efectos desta lei a expresión «partido político» comprenderá, se é o caso, o conxunto de entidades mencionadas anteriormente.

#### Artigo 2.º *Recursos económicos.*

Os recursos económicos dos partidos políticos estarán constituídos por:

Un. Recursos procedentes do financiamento público:

a) As subvencións públicas para gastos electorais, nos termos previstos na Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral e na lexislación reguladora dos procesos electorais das asembleas lexislativas das comunidades autónomas e das xuntas xerais dos territorios históricos vascos.

b) As subvencións estatais anuais para gastos de funcionamento, reguladas nesta lei.

c) As subvencións anuais que as comunidades autónomas establezan para gastos de funcionamento no ámbito autonómico correspondente, así como as outorgadas polos territorios históricos vascos e, se é o caso, polas corporacións locais.

d) As subvencións extraordinarias para realizar campañas de propaganda que se poidan establecer na Lei orgánica reguladora das distintas modalidades de referendo.

e) As achegas que, se é o caso, os partidos políticos poidan recibir dos grupos parlamentarios das cámaras das Cortes Xerais, das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, das xuntas xerais dos territorios históricos vascos e dos grupos de representantes nos órganos das administracións locais.

Dous. Recursos procedentes do financiamento privado.

a) As cotas e achegas dos seus afiliados, adheridos e simpatizantes.

b) Os produtos das actividades propias do partido político e os rendementos procedentes da xestión do seu propio patrimonio, os beneficios procedentes das súas actividades promocionais, e os que se poidan obter dos servizos que poidan prestar en relación cos seus fins específicos.

c) As doazóns en diñeiro ou en especie que perciban nos termos e condicións previstos nesta lei.

d) Os fondos procedentes dos préstamos ou créditos que concerten.

e) As herdanzas ou legados que reciban.

## TÍTULO II

### Fontes de financiamento

#### CAPÍTULO PRIMEIRO

##### Recursos públicos

#### Artigo 3.º *Subvencións.*

Un. O Estado outorgaralles aos partidos políticos con representación no Congreso dos Deputados subvencións anuais non condicionadas, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, para atender os seus gastos de funcionamento.

Igualmente, poderase incluír nos orzamentos xerais do Estado unha asignación anual para sufragar os gastos de seguranza en que incorran os partidos políticos para manter a súa actividade política e institucional.

Dous. Estas subvencións distribuiranse en función do número de escaños e de votos obtidos por cada partido político nas últimas eleccións á indicada cámara.

Para a asignación de tales subvencións dividirase a correspondente consignación orzamentaria en tres cantidades iguais. Unha delas distribuirase en proporción ao número de escaños obtidos por cada partido político nas últimas eleccións ao Congreso dos Deputados e as dúas restantes proporcionalmente a todos os votos obtidos por cada partido nas devanditas eleccións.

Tres. Igualmente, as comunidades autónomas poderán outorgar aos partidos políticos con representación nas súas respectivas asembleas legislativas subvencións anuais non condicionadas, con cargo aos orzamentos autonómicos correspondentes, para atender os seus gastos de funcionamento.

As devanditas subvencións distribuiranse en función do número de escaños e de votos obtidos por cada partido político nas últimas eleccións ás indicadas asembleas legislativas, en proporción e de acordo cos criterios que estableza a correspondente normativa autonómica.

As subvencións a que se refire este punto poderán ser tamén outorgadas polos territorios históricos vascos.

Catro. As subvencións a que fan referencia os números anteriores serán incompatibles con calquera outra axuda económica ou financeira incluída nos orzamentos xerais do Estado, nos orzamentos das comunidades autónomas ou nos dos territorios históricos vascos destinadas ao funcionamento dos partidos políticos, salvo as sinaladas no número un do artigo 2.º desta lei.

Cinco. Iniciado o procedemento de ilegalización dun partido político, ao abeiro do disposto no artigo 11.2 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, a autoridade xudicial, por proposta do ministro do Interior, poderá acordar, de modo preventivo, a suspensión da entrega ao partido afectado de recursos procedentes do financiamento público, calquera que sexa o seu tipo ou natureza.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### Recursos privados

#### Artigo 4.º

Un. Achegas dos seus afiliados.

Os partidos políticos poderán recibir, de acordo cos seus estatutos, cotas e achegas dos seus afiliados, adheridos e simpatizantes.

Dous. Doazóns privadas a partidos políticos.

a) Os partidos políticos poderán recibir doazóns, non finalistas, nominativas, en diñeiro ou en especie, procedentes de persoas físicas ou xurídicas, dentro dos límites e de acordo cos requisitos e condicións establecidos nesta lei.

As doazóns recibidas conforme o disposto nesta lei, que terán carácter irrevogable, deberanse destinar á realización das actividades propias da entidade donataria.

A valoración das doazóns en especie realizarase conforme o disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

b) As doazóns procedentes de persoas xurídicas requirirán sempre acordo adoptado en debida forma polo órgano social competente para o efecto, facendo constar de forma expresa o cumprimento das previsións desta lei.

Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir directa ou indirectamente, doazóns de organismos, entidades ou empresas públicas.

c) Os partidos políticos tampouco poderán aceptar ou recibir, directa ou indirectamente, doazóns de empresas privadas que, mediante contrato vixente, presten

servizos ou realicen obras para as administracións públicas, organismos públicos ou empresas de capital maioritariamente público.

d) As cantidades doadas aos partidos políticos deberanse aboar en contas de entidades de crédito, abertas exclusivamente para o devandito fin. Os ingresos efectuados nestas contas serán, unicamente, os que proveñan destas doazóns.

e) Das doazóns previstas neste artigo quedará constancia da data de imposición, importe desta e do nome e identificación fiscal do doador. A entidade de crédito onde se realice a imposición estará obrigada a expedirle ao doador un documento acreditativo en que consten os extremos anteriores.

f) Cando se trata de doazóns en especie, a efectividade das percibidas acreditarase mediante certificación expedida polo partido político en que se faga constar, ademais da identificación do doador, o documento público ou outro documento auténtico que acredite a entrega do ben doado facendo mención expresa do carácter irrevogable da doazón.

Tres. Operacións asimiladas.

Os partidos políticos non poderán aceptar que, directa ou indirectamente, terceiras persoas asuman de forma efectiva o custo das súas adquisicións de bens, obras ou servizos ou de calquera outro gasto que xere a súa actividade.

A infracción do previsto no parágrafo anterior sancionarse de acordo co previsto no artigo 17 a) desta lei.

#### Artigo 5.º *Límites ás doazóns privadas.*

Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir directa ou indirectamente:

1. Doazóns anónimas.
2. Doazóns procedentes dunha mesma persoa física ou xurídica superiores a 100.000 euros anuais.

Exceptúanse deste límite as doazóns en especie de bens inmoebles, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na letra f) do número dous do artigo 4.º

#### Artigo 6.º *Actividades propias.*

Un. Os partidos políticos non poderán desenvolver actividades de carácter mercantil de ningunha natureza.

Dous. Non se reputarán actividades mercantís as actividades propias a que se refire a letra b) do número dous, artigo 2.º

Tres. Os ingresos procedentes das actividades propias do partido político, os rendementos procedentes da xestión do seu propio patrimonio, así como os beneficios derivados das súas actividades promocionais e os que se poidan obter dos servizos que poidan prestar en relación cos seus fins específicos, precisarán a identificación do transmitente cando a transmisión patrimonial ao partido político sexa igual ou superior a 300 euros.

#### Artigo 7.º *Achegas de persoas estranxeiras.*

Un. Os partidos políticos poderán recibir doazóns non finalistas, procedentes de persoas estranxeiras, cos límites, requisitos e condicións establecidas nesta lei para as achegas privadas, e sempre que se cumpran, ademais, os requisitos da normativa vixente sobre control de cambios e movemento de capitais.

Dous. Non obstante o anterior, os partidos non poderán aceptar ningunha forma de financiamento por parte de gobernos e organismos, entidades ou empresas públicas estranxeiras ou de empresas relacionadas directa ou indirectamente con estes.

Artigo 8.º *Xustificación das cotas e achegas.*

Un. As cotas e achegas dos afiliados, adheridos e simpatizantes deberanse aboar en contas de entidades de crédito abertas exclusivamente para ese fin. Os ingresos efectuados nestas contas serán, unicamente, os que proveñan destas cotas, e estes ingresos deberán ser realizados mediante domiciliación bancaria dunha conta da cal sexa titular o afiliado, ou mediante ingreso nominativo na conta que designe o partido.

Dous. As restantes achegas privadas deberanse aboar nunha conta distinta da prescrita no parágrafo anterior. En todo caso, quedará constancia da data de imposición, importe das achegas e do nome completo do afiliado ou achegante. A entidade de crédito onde se realice a imposición estará obrigada a expedir un documento acreditativo en que consten os extremos anteriores.

### TÍTULO III

#### Réxime tributario

Artigo 9.º *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Un. Este título ten por obxecto regular o réxime tributario dos partidos políticos, así como o aplicable ás cotas, achegas e doazóns efectuadas por persoas físicas ou xurídicas para contribuír ao seu financiamento.

Dous. No non previsto neste título aplicaranse as normas tributarias xerais e, en particular, as previstas para as entidades sen fins lucrativos.

#### CAPÍTULO PRIMEIRO

##### Réxime tributario dos partidos políticos

Artigo 10.º *Rendas exentas de tributación.*

Un. Os partidos políticos gozarán de exención do imposto sobre sociedades polas rendas obtidas para o financiamento das actividades que constitúen o seu obxecto ou finalidade específica nos termos establecidos neste artigo.

Dous. A exención a que se refire o número anterior resultará de aplicación aos seguintes rendementos e incrementos de patrimonio:

- a) As cotas e achegas satisfeitas polos seus afiliados.
- b) As subvencións percibidas conforme o disposto nesta lei.
- c) As doazóns privadas efectuadas por persoas físicas ou xurídicas, así como calquera outro incremento de patrimonio que se poña de manifesto como consecuencia de adquisicións a título lucrativo.
- d) Os rendementos obtidos no exercicio das súas actividades propias. Cando se trate de rendementos procedentes de explotacións económicas propias a exención deberá ser expresamente declarada pola Administración tributaria.

A exención aplicarase, igualmente, respecto das rendas que poñan de manifesto na transmisión onerosa de bens ou dereitos afectos á realización do obxecto ou finalidade propia do partido político sempre que o produto do alleamento se destine a novos investimentos vinculados ao seu obxecto ou finalidade propia ou ao financiamento das súas actividades, nos prazos establecidos na normativa do imposto sobre sociedades.

e) Os rendementos procedentes dos bens e dereitos que integran o patrimonio do partido político.

Artigo 11.º *Tipo de gravame, rendas non suxeitas a retención e obriga de declarar.*

Un. A base imponible positiva que corresponda ás rendas non exentas será gravada ao tipo do 25 por cento.

Dous. As rendas exentas en virtude desta lei non estarán sometidas a retención nin ingreso á conta. Regulamentariamente determinarase o procedemento de acreditación dos partidos políticos para os efectos da exclusión da obriga de reter.

Tres. Os partidos políticos virán obrigados a presentar e subscribir declaración polo imposto sobre sociedades con relación ás rendas non exentas.

#### CAPÍTULO SEGUNDO

##### Réxime tributario das cotas, achegas e doazóns efectuadas a partidos políticos

Artigo 12.º *Incentivos fiscais.*

Un. As cotas de afiliación, así como as restantes achegas realizadas aos partidos políticos, serán deducibles da base imponible do imposto da renda das persoas físicas, co límite de 600 euros anuais, sempre que as devanditas cotas e achegas sexan xustificadas segundo o artigo 8.º 1.

Dous. Ás doazóns a que se refire o artigo 4.º, efectuadas aos partidos políticos, seranlles de aplicación as deducións previstas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Artigo 13.º *Xustificación das cotas, achegas e doazóns efectuadas.*

A aplicación do réxime tributario establecido no artigo anterior estará condicionada a que a persoa física ou xurídica dispoña do documento acreditativo da achega, doazón ou cota satisfeita polo partido político perceptor.

### TÍTULO IV

#### Obrigas contables

Artigo 14.º *Libros de contabilidade.*

Un. Os partidos políticos deberán levar libros de contabilidade detallados que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira e patrimonial e o cumprimento das obrigas previstas nesta lei.

Dous. Os libros de tesouraría, inventarios e balances deberán conter, conforme principios de contabilidade xeralmente aceptados:

- a) O inventario anual de todos os bens.
- b) A conta de ingresos, consignándose como mínimo as seguintes categorías de ingresos:
  - Contía global das cotas e achegas dos seus afiliados.
  - Ingresos procedentes do seu propio patrimonio.
  - Ingresos procedentes das doazóns a que se refire o artigo catro desta lei.
  - Subvencións públicas.
  - Rendementos procedentes das actividades do partido.
- c) A conta de gastos, consignándose como mínimo as seguintes categorías de gastos:
  - Gastos de persoal.
  - Gastos de adquisición de bens e servizos (correntes).
  - Gastos financeiros de préstamos.

- Outros gastos de administración.
- Gastos das actividades propias do partido.

d) As operacións de capital relativas a:

- Créditos ou préstamos de institucións financeiras.
- Investmentos.
- Debedores e acredores.

Tres. O órgano máximo de dirección daqueles partidos políticos que reciban algún tipo de subvención pública das previstas no artigo 3.º desta lei está obrigado a presentar as contas anuais correspondentes a cada exercicio económico, en que se detallarán e documentarán os seus ingresos e gastos.

Catro. As contas anuais consolidadas estenderanse aos ámbitos estatal, autonómico, comarcal e provincial. As contas anuais consolidadas de federacións de partidos e coalicións incluírán as dos partidos federados e coaligados.

Cinco. As contas anuais comprenderán o balance, a conta de resultados e unha memoria explicativa de ambas as dúas. En todo caso, esta memoria incluírá a relación de subvencións públicas e de doazóns privadas recibidas de persoas físicas ou xurídicas con referencia concreta, en cada unha delas, dos elementos que permitan identificar o doador e sinalar o importe do capital recibido.

A memoria deberá ir acompañada, igualmente, dun anexo onde se especifiquen pormenorizadamente as condicións contractuais estipuladas dos créditos ou préstamos de calquera clase que manteña o partido coas entidades de crédito. Nel identificarase a entidade concedente, o importe outorgado, o tipo de xuro e o prazo de amortización do crédito ou préstamo e a débeda pendente no momento do peche do exercicio de que se trate con indicación de calquera continxencia relevante sobre o cumprimento das condicións pactadas.

Seis. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, para a rendición de contas dos grupos parlamentarios das Cortes Xerais, das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, das xuntas xerais dos territorios históricos vascos e dos grupos das corporacións locais, observarase o que dispoñan os seus respectivos regulamentos ou normativa local específica.

Sete. As contas anuais consolidadas debidamente formalizadas remitiranse ao Tribunal de Contas antes do 30 de xuño do ano seguinte a que aquelas se refiran.

## TÍTULO V

### Fiscalización e control

#### Artigo 15.º *Control interno.*

Os partidos políticos deberán prever un sistema de control interno que garanta a axeitada intervención e contabilización de todos os actos e documentos de que derivan dereitos e obrigas de contido económico, conforme os seus estatutos. O informe resultante da revisión acompañará a documentación que hai que render ao Tribunal de Contas.

#### Artigo 16.º *Control externo.*

Un. Correspóndelle en exclusiva ao Tribunal de Contas o control da actividade económico-financeira dos partidos políticos, sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos de fiscalización das comunidades autónomas previstos nos seus respectivos estatutos.

Dous. Este control estenderase á fiscalización da legalidade dos recursos públicos e privados dos partidos políticos así como á regularidade contable das actividades económico-financeiras que realicen.

Tres. O Tribunal de Contas, no prazo de seis meses desde a recepción da documentación sinalada no artigo 13.º desta lei, emitirá un informe sobre a súa regularidade e adecuación ao disposto nesta lei ou, se é o caso, faranse constar expresamente cantas infraccións ou prácticas irregulares se observasen.

Catro. Este informe elevarase para a súa aprobación, se procede, ás Cortes Xerais e publicarase posteriormente no «Boletín Oficial del Estado».

## TÍTULO VI

### Réxime sancionador

#### Artigo 17.º

Sen prexuízo das responsabilidades legais de calquera índole que deriven do disposto no ordenamento xurídico en xeral e do preceptuado nesta lei en particular, o Tribunal de Contas poderá acordar a imposición de sancións pecuniarias ao partido político infractor:

a) Cando un partido político obteña doazóns que contraveñan as limitacións e requisitos establecidos nesta lei, o Tribunal de Contas poderá propoñer a imposición dunha multa de contía equivalente ao dobre da achega ilegalmente percibida, que será deducida do seguinte libramento da subvención anual para os seus gastos de funcionamento.

b) No suposto de que un partido político non presente, sen causa xustificada, as contas correspondentes ao último exercicio anual ou estas sexan tan deficientes que lle impidan ao Tribunal de Contas levar a cabo o seu labor fiscalizador, este poderá propoñer que non lle sexan libradas ao infractor as subvencións anuais para os seus gastos de funcionamento.

#### Artigo 18.º

Os procedementos sancionadores a que se refiren as letras a) e b) do artigo anterior iniciaranse por acordo do Pleno do Tribunal de Contas.

Un. O acordo de iniciación terá o contido mínimo seguinte:

a) Identificación do partido político presuntamente responsable.

b) Os feitos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación xurídica e as sancións que puidesen corresponder.

c) O instrutor do procedemento, con expresa indicación do seu réxime de recusación.

O acordo de iniciación comunicaráse ao instrutor e notificaráselle ao partido político inculpado indicándolle que ten un prazo de quince días para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións considere convenientes e para solicitar a apertura dun período probatorio e propoñer os medios de proba que consideren axeitados.

O acordo de iniciación acompañarase dos documentos e probas que tivese en conta o órgano titular da competencia sancionadora para abrir o procedemento.

Dous. Abrirase un período probatorio nos seguintes supostos:

a) Cando no trámite de alegacións establecido no artigo precedente o solicite o partido interesado con proposición de medios de proba concretos.

b) Cando, en ausencia de solicitude de parte interesada, o instrutor o considere necesario para o esclarecemento dos feitos e determinación dos responsables. Neste caso o instrutor daralles un prazo de cinco días aos

interesados para que propoñan os medios de proba que consideren oportunos.

c) O período probatorio durará trinta días hábiles.

d) A práctica das probas realizarase de conformidade co establecido no artigo 81 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tres. Concluído, se é o caso, o período probatorio, o instrutor formulará proposta de resolución, a cal deberá conter:

1) Se considera que existe infracción e responsabilidade:

a) Os feitos que considere probados e a valoración da proba en que tal consideración se funde.

b) O partido político que considere responsable, os preceptos e a valoración da proba en que tal consideración se funde.

c) Os preceptos tipificadores de infraccións en que considere subsumidos os feitos e as razóns de tal consideración, que deberán ser exclusivamente os que aparecen nas letras a) e b) do artigo 17.º desta lei.

d) As sancións que considere procedentes nos termos do artigo 17.º da Lei orgánica de financiamento de partidos políticos, os preceptos en que se determinen, as circunstancias que para tal efecto considerase, os preceptos e valoración probatoria en que se funde tal consideración, así como, se é o caso, a proposición de suspensión da execución da sanción, de execución fraccionada ou da súa modificación, e as razóns de tal proposición.

2) Se considera que non existe infracción ou responsabilidade:

a) A proposta de absolución.

Catro. A proposta de resolución notificaráselles aos interesados, indicándolles que dispoñen dun prazo de quince días para formularen alegacións. En tal notificación comunicaráselles aos interesados que durante o devandito prazo se lles porá de manifesto o expediente, co fin de que o poidan consultar e obter copias dos documentos que consten neste.

Concluído o trámite de audiencia, o instrutor cursará inmediatamente a proposta de resolución ao Pleno do Tribunal de Contas para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten no expediente.

Cinco. O instrutor poderá, motivadamente, prorrogar os prazos dos trámites de alegacións e o do período de proba, por unha soa vez e idéntico ou inferior tempo ao establecido, sempre que, polo número e a natureza das probas a practicar, a complexidade das situacións fácticas e cuestións xurídicas analizadas ou outras razóns atendibles, sexa preciso para lograr a axeitada determinación dos feitos e as responsabilidades ou para garantir a eficaz defensa dos imputados.

Seis. Os actos do instrutor que deneguen a apertura do período probatorio ou a práctica dalgún medio de proba proposta polas partes serán susceptibles de recurso, no prazo de tres días, e considerarase o seu silencio desestimatorio.

Sete. O Pleno do Tribunal de Contas ditará resolución motivada, que decidirá sobre todas as cuestións formuladas polo partido interesado e aquelas derivadas do procedemento. A resolución que resolva o procedemento deberá ter o contido que se establece no punto terceiro deste artigo.

O Pleno do Tribunal de Contas, órgano competente para resolver, unicamente poderá variar a relación de feitos expresada na proposta de resolución, matizándoos ou tomando en conta outros só no caso de que iso sexa beneficio do imputado. O órgano competente para resol-

ver motivará especificamente na resolución a variación fáctica.

Se non fose notificada a resolución no prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento, producirase a caducidade deste. O transcurso do referido prazo de seis meses quedará interrompido mentres o procedemento se atope paralizado por causas imputables aos interesados.

Oito. As resolucións sancionadoras que adopte o Tribunal de Contas serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo. Cando as devanditas resolucións sancionadoras acorden a minoración ou o non-libramento das subvencións anuais para gastos de funcionamento, a interposición do recurso suspenderá automaticamente a execución da resolución adoptada polo Tribunal de Contas.

#### Artigo 19.º *Deber de colaboración.*

Un. Os partidos políticos estarán obrigados á remisión de cantos documentos, antecedentes, datos e xustificacións lles sexan requiridos polo Tribunal de Contas para o cumprimento da súa función fiscalizadora.

Dous. Cando no exercicio da función fiscalizadora as autoridades ou funcionarios do Tribunal de Contas teñan coñecemento de datos, informes ou antecedentes que afecten a intimidade das persoas, estarán obrigados ao máis estrito e completo sigilo respecto deles, incorrendo, se incumprisen a devandita obriga, nas responsabilidades administrativas ou penais que poidan corresponder.

Así mesmo, e só nestes supostos, os partidos políticos poderán cumprir coa obriga a que se refire o número un deste artigo poñendo á disposición do tribunal a información que precise na sede ou dependencia que eles designen.

Tres. As entidades que mantivesen relacións de natureza económica cos partidos políticos estarán obrigadas, se son requiridas polo Tribunal de Contas, a proporcionarlle a este a información e xustificación detallada sobre as súas operacións con eles, de acordo coas normas de auditoría externa, xeralmente aceptadas, e para os únicos efectos de verificar o cumprimento dos límites, requisitos e obrigas establecidos por esta lei.

#### Disposición adicional primeira.

A letra c) do número 3 do artigo 9 do texto refundido do imposto sobre sociedades, aprobado por Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, quedará redactada como segue:

«c) Os colexios profesionais, as asociacións empresariais, as cámaras oficiais e os sindicatos de traballadores.»

#### Disposición adicional segunda.

A letra d) do número 2 do artigo 28 do texto refundido do imposto sobre sociedades, aprobado por Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, quedará redactada como segue:

«d) Os colexios profesionais, as asociacións empresariais, as cámaras oficiais e os sindicatos de traballadores.»

#### Disposición adicional terceira.

Engádese o número 28.º ao número un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, co seguinte texto:

«28. As prestacións de servizos e as entregas de bens realizadas polos partidos políticos con motivo de manifestacións destinadas a reportarlles un apoio financeiro para o cumprimento da súa fina-

lidade específica e organizadas no seu exclusivo beneficio.»

#### Disposición adicional cuarta.

Engádesse un novo artigo 61 bis á Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, coa seguinte redacción:

«Artigo 61 bis. *Redución por cotas e achegas a partidos políticos.*

As cotas de afiliación e as achegas a partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores poderán ser obxecto de redución na base impoñible cun límite máximo de 600 euros anuais.»

#### Disposición adicional quinta.

Engádesse unha nova letra e) ao artigo 45.1 A) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, coa seguinte redacción:

«e) Os partidos políticos con representación parlamentaria.»

#### Disposición adicional sexta.

Un. O importe global da consignación que se inclúa nos orzamentos xerais do Estado para atender as subvencións reguladas no artigo 3.º desta lei adecuarase anualmente, como mínimo, ao incremento do índice de prezos de consumo.

Dous. A mesma adecuación efectuarase respecto ás cantidades que figuran nos demais artigos desta lei.

#### Disposición adicional sétima. *Fundacións e asociacións vinculadas aos partidos políticos.*

As doazóns que reciban as fundacións e asociacións vinculadas organicamente a partidos políticos con representación nas Cortes Xerais estarán sometidas aos mecanismos de fiscalización e control e ao réxime sancionador previstos, respectivamente, nos títulos V e VI desta lei, sen prexuízo das normas propias que lles sexan de aplicación. Así mesmo, estas doazóns estarán sometidas aos límites e requisitos previstos no capítulo segundo do título II desta lei, coas seguintes especialidades:

a) O límite a que se refire o número 2 do artigo 5.º será de 150.000 euros por persoa física ou xurídica e ano.

b) Non lles será de aplicación o previsto na letra c) do número dous do artigo 4.º.

c) As doazóns efectuadas por persoas xurídicas por importe superior a 120.000 euros precisarán, ademais, que a entidade doadora formalice en documento público a doazón de que se trate.

#### Disposición adicional oitava.

O Tribunal de Contas elaborará, no prazo de seis meses desde a aprobación desta lei, un plan específico de contas para as formacións políticas, que en todo caso respectará os límites e previsións desta lei, de acordo cos criterios que o devandito tribunal manifestou nos diversos informes de fiscalización de partidos políticos aprobados en cada exercicio. O devandito plan deberá ser aprobado polo tribunal logo de análise e debate deste pola Comisión Mixta Congreso-Senado para as relacións co Tribunal de Contas.

#### Disposición adicional novena.

O límite cuantitativo previsto no artigo 5.º 2 desta lei actualizarase cada ano de conformidade co incremento do índice de prezos de consumo.

#### Disposición adicional décima.

O disposto no título III e nas disposicións adicionais primeira a quinta desta lei entenderase sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, na Comunidade Autónoma Vasca e na Comunidade Foral de Navarra.

#### Disposición adicional décimo primeira.

O disposto no número dous do artigo 7.º desta lei non lles será de aplicación a aqueles partidos políticos que desenvolvan funcións políticas como partidos legalmente establecidos noutros Estados distintos do español, sempre que se trate de subvencións fundamentadas no desenvolvemento das devanditas funcións.

#### Disposición transitoria primeira.

Os partidos políticos deberán adaptar, se é o caso, os seus estatutos e normas internas ao disposto nesta lei orgánica, no prazo dun ano.

#### Disposición transitoria segunda.

Os partidos políticos poderán chegar a acordos respecto das condicións da débeda que manteñan con entidades de crédito. Os devanditos acordos serán os admitidos segundo os usos e costumes do tráfico mercantil habitual entre as partes e non lles serán de aplicación os requisitos e limitacións establecidos nos títulos I e II desta lei. De tales acordos darase conta ao Tribunal de Contas e ao Banco de España.

#### Disposición transitoria terceira.

Para o exercicio 2008 a subvención estatal anual para gastos de funcionamento dos partidos políticos e a asignación anual para sufragar gastos de seguranza fíxanse, respectivamente, en 78.100,00 miles de euros e 4.010,00 miles de euros.

#### Disposición derogatoria.

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

A Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

As demais disposicións que se opoñan a esta lei.

#### Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, as normas relativas á tributación do imposto sobre sociedades, contidas na sección 1.ª do título III, serán aplicables a partir do primeiro exercicio que se inicie a partir da entrada en vigor da lei.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO